

Literatura

'O segredo de Marco Polo', de Francisco Castro, presentarase na Feira do Libro da Coruña

Etiquetas: A Coruña, feira do libro, literatura

02/08/2010 - Galiciaé

A segunda xornada da XXXIX Feira do Libro da Coruña acollerá a presentación do libro de Francisco Castro 'O segredo de Marco Polo' da Editorial Galaxia ás 20:00 e de 'A árbore ausente', de Catherine François, publicado pola editorial Demipage, que terá lugar ás 21:00.

A cita literaria contará coa presenza da escritora galega Rosa Aneiros, quen a partir das 19:00 asinará exemplares dos seus últimos traballos 'Sol de Inverno' (Premio Xeral de Novela 2009) e 'Ás de bolboreta' (Premio Fundación Caixa Galicia 2009). á mesma hora, a Fundación Luís Seoane presenta a obra 'Dicionario Seoane' e os escritores Afonso Costa, Francisco Fernández Naval e Camilo Franco asinarán exemplares do seu libro 'Níxer', unha obra solidaria a favor da ONG Acción contra a Fame.

A Feira do Libro coruñesa comezou o pasado domingo 1 de agosto e prolongarase ata o día 10 nos Xardíns de Méndez Núñez da Coruña, con 45 expositores e 60 actividades programadas entre as que están recitais poéticos, monólogos humorísticos e representacións teatrais. Entre os invitados que asistirán á festa das letras están escritores como Xosé Neira Vilas, Suso de Toro ou Laura Espido Freire e Milagros Frías, que participarán nunha mesa redonda cuxo tema é 'Ser escritora en España'.